



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA OITO DE FEBREIRO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día oito de febreiro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezasete de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

Por razóns de parentesco retirase o Sr. Alcalde.

2.1.- Instancia núm. 201700000000049 de don Manuel Martínez Carrillo e dona Montserrat Rodríguez Ferradáns (Expediente núm. 2017/U022/000001).

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en A Lagoa- Santa Cruz de Ribadulla (Expediente núm.: 2017/U022/000001), en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm.: plantas B. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto do Jorge Vales Fernández, cun orzamento de 189.017,00 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



- Construirase de acordo co proxecto presentado.
 - En cumprimento do disposto na Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garante a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.
 - A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.
 - Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para viais, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que o vial. A rampla de acceso tamén deberá quedar co mesmo rasante có vial e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.
- 3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U.02, de 26 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública na que se formalice a mencionada cesión.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil setecentos oitenta euros con trinta e catro céntimos (#3.780,34#)

Incorporase de novo o Sr. Alcalde.

2.2.- Instancia núm. 201600000001492 de don Pablo Louro Paz. (Expediente núm. 2016/U022/000029)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en A Estrada, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda (cuberta) en Gatente nº 8 – San Andrés de Trobe (Expediente núm.: 2016/U022/000029), en solo cualificado, segundo o vixente PXOM, como “Dos núcleos rurais. N-1”, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Manuel Gamallo Varela, en calidade de Arquitecto-Técnico.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000100200NH43C.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

- 1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e dun ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.
- 2º.- As obras axustaranse ao contido do proxecto achegado. E en cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, deberá proceder ao nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitocentos dezasete euros con setenta e sete céntimos (#817,77#)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2.3.- Instancia núm. 201600000000844 de don Carlos Alberto Castro Cabanas. (Expediente núm. : 2016/U022/000014)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, substituíndo fiestras, forxado de teito da planta primeira e cuberta, situada en Paradela nº 23 –San Xián de Sales (Expediente núm.: 2016/U022/000014), en solo cualificado como “Solo rústico de protección de augas (R-5)”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Jesús M. Carrillo Pena, en calidade de arquitecto.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001101000NH44A.

Dáse conta tamén da autorización outorgada por Augas de Galicia, expte.: DH.W15.54919, con data do 1 de febreiro de 2017.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de un ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Executaranse conforme á documentación técnica achegada.

-Deberá procederse ao nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

-Deberá ter en conta o contido da autorización emitida por Augas de Galicia.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos trinta e dous euros con sesenta e nove céntimos (#232,69#)

2.4.- Instancia de don José A. Guerra Bahamonde e outros. (Expte. Número 2017/U018/000002)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio para efectos de notificacións en Avd. de Marín, 31- A Estrada solicita licenza para reconfiguración de lindes de parcelas, mediante segregación e agrupación, emprazadas en Pousada de Arriba -Vedra, en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado asinado por don Fco. Javier Bellet García en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data 13 de xaneiro de 2017.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de expansión de núcleo rural (N-2) e Solo rústico de protección agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe xurídico emitido para os efectos e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda :

1º.- Concederlle a licenza para reconfiguración de lindes de parcelas mediante segregación e agrupación, emprazadas no lugar de Pousada de Arriba –Vedra, nos termos do proxecto achegado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de (#120,00#) euros.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión da parcela formada por cesión de viais



nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Deberá achegarse copia da escritura pública na que se formalice a cesión obxecto deste expediente.

2.5.- Instancia de don José Aldrey Fernández. (Expte. núm. 2016/U018/000015)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales solicita licenza para reconfiguración de lindes de parcelas mediante segregación e agrupación, emprazadas en Matelo –San Xián de Sales, en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado asinado por don Álvaro Fernández Vázquez en calidade de Arquitecto e de data 23 de xaneiro de 2017.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de expansión de núcleo rural (N-2) e Solo rústico de protección agrícola (R-.2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe xurídico emitido para os efectos e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1º.- Concederlle a licenza para reconfiguración de lindes de parcelas mediante segregación e agrupación, emprazadas no lugar de Matelo-San Xián de Sales, nos termos do proxecto achegado, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de (#120,00#) euros.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, de 32 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Deberá achegarse copia da escritura pública na que se formalice a cesión obxecto de este expediente

3º.- Acordo, se procede, sobre adhesión ao convenio asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social na Comunidade Autónoma de Galicia a través da coordinación cos Servizos Sociais Comunitarios.

Dáse conta do Convenio asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as empresas subministradoras de enerxía, que ten por obxecto establecer os mecanismos de coordinación entre a Fegamp, os concellos que se adhiran e as empresas asinantes, encamiñado a evitar a suspensión do subministro da electricidade e gas a persoas e familias beneficiarias por razón da falta de pagamento da factura ou facturas eléctricas ou de gas ou, en caso de suspensión do subministro, a facilitar o seu restablecemento no menor período de tempo posible, en virtude da prestación económica de emerxencia social que a Administración Local concederá ao beneficiario, previo informe dos servizos sociais municipais, para o pagamento da factura ou facturas adebedadas.

A Xunta de Goberno acorda solicitar a adhesión ao citado convenio.

4º.- Aprobación, se procede, das bases reguladoras do programa de vivendas baleiras do Concello de Vedra.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Con data vinte e sete de xaneiro asinouse un convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e este Concello para a adhesión ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o Desenvolvemento do Programa de Vivendas Baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, Aluguer e Mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

Dáse conta das bases reguladoras cuxo obxecto é a regulación dos aspectos materiais, persoais, formais e de procedemento do Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Vedra, que se desenvolverá de conformidade co acordo de adhesión ao Convenio de colaboración entre o IGVS e a Fegamp para o desenvolvemento de dito programa no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, Aluguer e Mellora de Acceso á Vivenda 2015-2020 (Plan RehaVita)

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas bases.

5º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

<i>Número Factura</i>	<i>Data Factura</i>	<i>Importe €</i>	<i>Nome Proveedor/Acredor</i>	<i>Descrición</i>
6612091875_000001	01/12/2016	188,69	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros	Seguro furgoneta C15 matrícula C4407BM período 31/12/2016-29/06/2017 (Póliza: V5A150001725)
6612091880_000001	01/12/2016	72,69	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros	Seguro retroscavadora Fiat matrícula E6073BBD período 31/12/2016-29/06/2017 (Póliza: V5A510000145)
6612021773_000001	01/12/2016	225,38	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros	Seguro vehículo Nissan Patrol matrícula 2445BLH período 31/12/2016-29/06/2017 (Póliza: V5A050009781)
6612091878_000001	01/12/2016	41,72	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros	Seguro tractor J. Deere matrícula E2564BDT período 31/12/2016-29/06/2017 (Póliza: V5A410000241)
6612091874_000001	01/12/2016	386,85	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros	Seguro furgoneta Ford Transit matrícula 8189JCG período 31/12/2016-29/06/2017 (Póliza: V5A150001717)
6612091876_000001	01/12/2016	516,87	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros	Seguro vehículo contra incendios Renault matrícula 1106FZZ período 31/12/2016-29/06/2017 (Póliza: V5A150001717)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				V5A210000240)
6612091877_000001	01/12/2016	1.210,09	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros	Seguro camión recollida lixo Mercedes matrícula 9047HPG período 31/12/2016-29/06/2017 (Póliza: V5A210000241)
6612091879_000001	01/12/2016	41,64	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros	Seguro tractor J. Deere matrícula C89650VE período 31/12/2016-29/06/2017 (Póliza: V5A410000296)
1701C0183162	01/01/2017	182,66	Securitas Direct España, S.A.	Cota de mantemento da alarma da biblioteca municipal período 1T/2017
1701C0120788	01/01/2017	248,66	Securitas Direct España, S.A.	Cota de mantemento da alarma da casa consistorial período 1T/2017
1701C0148800	01/01/2017	179,47	Securitas Direct España, S.A.	Cota de mantemento da alarma da casa da Terceira Idade período 1T/2017
L 9	31/12/2016	1.450,00	Álvarez Fernández María Eva	Servizos de limpeza no CPI de Vedra durante o mes de decembro/2016
FE16321219361634	05/12/2016	650,22	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á depuradora de Calzande período 27/10/2016 - 25/11/2016
FE16321219361633	05/12/2016	705,39	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao campo de fútbol de Santa Cruz período 28/10/2016 - 29/11/2016
FE16321219361635	05/12/2016	1.302,44	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao CPI de Vedra período 28/10/2016 - 29/11/2016
FE16321219555267	06/12/2016	697,98	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Dozar período 28/10/2016 - 29/11/2016
FE16321219555271	06/12/2016	411,02	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 28/10/2016 - 28/11/2016 (CUPS 7480452RB1)
FE16321219555268	06/12/2016	148,89	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Fufín período 28/10/2016 - 29/11/2016
FE16321219555269	06/12/2016	385,87	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico á casa do Concello período 28/10/2016 - 29/11/2016



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




FE16321219555273	06/12/2016	378,74	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Ponte Ulla período 28/10/2016 - 28/11/2016
FE16321219555272	06/12/2016	278,47	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 28/10/2016 - 28/11/2016 (CUPS 4975461QL1)
FE16321219555270	06/12/2016	56,05	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Paradela período 27/10/2016 - 25/11/2016
FE16321221153457	22/12/2016	765,85	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Sol período 29/09/2016 - 28/11/2016
4001947547	31/12/2016	315,18	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizo de franqueo pagado período mes decembro/2016
1 5682/2016	31/12/2016	21.689,64	Servital Servicios Sociosanitarios, S.L.	Servizo de axuda no fogar para a dependencia mes decembro/2016 (horas ordinarias e festivas)
1 5681/2016	31/12/2016	2.182,18	Servital Servicios Sociosanitarios, S.L.	Servizo de axuda no fogar mes decembro/2016 (horas de libre concorrencia)
2016 80	31/12/2016	6.241,48	Acofide 2000 Xestion, S.L.	Servizo de mantemento e xestión de actividades do polideportivo municipal mes decembro/2016
2016/3594	31/12/2016	7.769,64	Sogama S. A.	Tratamento dos residuos urbanos mes decembro/2016
2017 010	10/01/2017	1.273,17	Electricidad Cruceiro, SL	Substitución de farol da iluminación pública en San Miguel derrubada por vehículo (a repercutir á aseguradora)
P16 016245	31/12/2016	300,08	La Voz de Galicia, S.A.	Publicación no diario La Voz de Galicia de anuncio (expte. urbanístico SUN-4 Parque Empresarial de Vedra)
02.16.000844	31/12/2016	5.319,96	Copcisa, S.A.	Certificación núm. 1 do complementario da obra Acondicionamento acústico da escola de música de Sta. Cruz-Vedra (PAS-2015)
12	31/12/2016	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes decembro/2016



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



GC00037	31/12/2016	1.200,00	Maeve McLoughlin	Impartir clases extraescolares de inglés no CPI de Vedra durante o mes de decembro/2016
16/13	31/12/2016	1.685,14	Freiría Suárez José María	Servizo de limpeza do centro de saúde e das escolas unitarias prestado en decembro/2016
A2960685	19/12/2016	55,48	Consellería Presidencia, AA.PP e Xustiza	Taxas autonómicas para autorización da proba deportiva II Maratón de Montaña "A Camelia"
28-A780-432602	01/01/2017	54,45	Telefónica Móviles España, S.A.	Cota mensual (de 18/11/2016 a 17/12/2016) polo servizo de internet para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón
28-A780-432603	01/01/2017	24,20	Telefónica Móviles España, S.A.	Cota mensual (18/11/2016-17/12/2016) polo servizo telefónico na nave de Trobe (control horario de persoal municipal)
1617	31/12/2016	1.000,00	Club Olímpico de Vedra	Convenio de colaboración asinado co Concello mes decembro/2016
279	03/01/2017	4.000,00	Banda de Musica de Santa Cruz de Ribadulla	Catro actuacións realizadas en 2016 segundo convenio nas parroquias de S. Pedro de Sarandón, Trobe, Pte. Ulla e San Fins
2016863	27/12/2016	1.239,89	Electricidad Cruceiro, SL	Traballos de cambio de poste e cable da iluminación pública en Trobe, segundo presuposto de 07/03/2016
2016864	27/12/2016	837,50	Electricidad Cruceiro, SL	Colocación de liña e luminaria xunto á casa de peóns en Vilanova, segundo presuposto do 29/11/2016
2016865	27/12/2016	231,26	Electricidad Cruceiro, SL	Colocación de luminaria propiedade do Concello en Quintáns-San Xián
2016866	27/12/2016	416,24	Electricidad Cruceiro, SL	Traballos de reparación de focos da pista do polideportivo de Vedra
A/18.614	31/12/2016	260,67	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón subministrado para obras da brigada na vía pública en San Miguel de Sarandón



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




576//16	31/12/2016	1,80	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Parafuso cabezal subministrado para rozadora da brigada verde
A15/1037	29/12/2016	225,06	Artes Gráficas Alonso, S.L.	Cen calendarios municipais do ano 2017 subministrados a maiores
S1-2016-4T/24	29/12/2016	1.815,00	Tesla Technologies & Software, S.L.	Impartir cursos de informática na aula Cemit durante os meses de outubro, novembro e decembro/2016
001/2017	02/01/2017	1.246,30	Perol Mariño Damian - P&P Distribuciones	Subministro dun xogo de porterías metálicas móbiles e redes de fútbol para o campo de San Mamede
94080475	05/01/2017	453,51	Siemens Renting, S.A.	Cota de arrendamento da máquina fotocopiadora-impresora da planta baixa mes xaneiro/2017
16-1949	31/12/2016	26,00	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón subministrada o 07/12/2016
16-1948	31/12/2016	6,50	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a formigoneira da brigada de obras subministrada o 13/12/2016
16-1947	31/12/2016	29,01	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria da brigada verde subministrada o 05/12/2016
16-1946	31/12/2016	11,33	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a brigada de obras subministrada o 09/12/2016
16-1945	31/12/2016	1.184,39	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e outros materiais para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrado no mes de decembro/2016
16-1944	31/12/2016	89,01	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 subministrada en decembro/2016 para vehículo de persoal do Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón
16-1943	31/12/2016	22,05	Puente Ulla S.L.	Reposto para o vehículo de Protección Civil Nissan 2445BHL subministrado o 26/12/2016



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



16-1942	31/12/2016	7,80	Puente Ulla S.L.	Produto para o vehículo de Protección Civil Nissan 2445BHL subministrado o 26/12/2016
4	30/12/2016	87,45	Devesa Cardelle Margarita	Caraveis extra subministrados para actos municipais do día internacional contra a violencia de xénero (25/11/2016)
4 Tickets	19/12/2016	57,26	Acredores diversos	Alimentos para o servizo municipal de madrugadores mercados en decembro/2016
6 Tickets	30/12/2016	50,67	Acredores diversos	Materiais e produtos para a ludoteca municipal adquiridos en decembro/2016
612/2	31/12/2016	235,95	Alquimao S.L.	Materiais subministrados en decembro/2016 para mantemento da vía pública en Santa Cruz
16/LAB/5412	31/12/2016	792,43	Labralia, S.L.- Agrotendas	Pellet bioforestal para a caldeira da calefacción da casa consistorial subministrado en decembro/2016
1	02/01/2017	1.990,45	Silva Fernández Manuel (Carpintería M. Silva)	Restauración da mesa e das cadeiras do antigo salón de plenos para dotación da casa do antigo Xulgado de Vedra
601-KF17-912	01/01/2017	137,94	Orange Espagne, S.A.U.	Servizos de internet+ e de sede asimétrica na casa consistorial mes decembro/2016
5	09/01/2017	3.472,70	Construcciones Luis&Alfonso, S.C.	Traballos diversos realizados nos exteriores e nos aseos do CEIP de Ortigueira-Santa Cruz
2017001	02/01/2017	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública municipal mes decembro/2016
A-2960686	10/01/2017	55,48	Consellería Presidencia, AA.PP e Xustiza	Taxas autonómicas para autorización da proba deportiva VII Ruta BTT da Camelia polo Val do Ulla
61	30/12/2016	147,00	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	Servizos prestados na casa consistorial para actos protocolarios dos días 24



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




				e 30/12/2016
C23-16	31/12/2016	607,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de decembro/2016 (sen animais acollidos no período)
A/205	31/12/2016	1.628,30	García Sarandón, S.L.U.	Materiais para P.Civil (de loita contra avespa velutina), brig. de obras e verde, recollida lixo, s.sociais, cultura e xuventude servidos en dec/2016
317	10/01/2017	1.300,00	Brea Casal José Luís	Chocolate con churros servido nas actividades municipais Carreira Solidaria e Cabalgata de Reis 2017
2016/61 Z6	31/12/2016	43,63	Gelabert González Antonio - Registro Propiedad nº 1 de Santiago de Compostela	Notas simples rexistradas para expte. urbanístico obtidas con data 05/12/2016
1/2017	10/01/2017	2.726,13	Sondeos Compostela S.L.	Realización dun pozo de sondaxe para captación de auga na casa de cultura de San Pedro de Sarandón
527	20/10/2016	66,60	Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería	Subministro e instalación de grifo monomando para lavabo da escola de San Miguel
554	27/12/2016	611,86	Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería	Traballos realizados no CEIP, na escola de música e no campo de fútbol de Santa Cruz en novembro e decembro/2016
A10007340707-0117	01/01/2017	1.022,88	Orange Espagne, S.A.U.	Servizos de telefonía móbil e fixa prestados no período 01/12/2016-31/12/2016
16/01428	31/12/2016	231,00	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizo de contedores de pneumáticos e escombro prestado no punto limpo en decembro/2016
133//16	31/12/2016	2.433,47	Reparaciones Sinde, S.L.	Traballos realizados no 3T/2016 no punto limpo, no CEIP e na escola de música de Sta.Cruz e no vehículo da brigada obras
0754/E16	27/12/2016	1.805,22	Talleres San Fins S.L.	Reparacións do remolque de dous eixes e da rozadora avanzada realizadas en



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				decembro/2016
753/E16	27/12/2016	121,00	Talleres San Fins S.L.	Reparación da retroescavadora Fiat realizada o 01/12/2016
752/E16	27/12/2016	510,92	Talleres San Fins S.L.	Reparación do limpa parabrisas do tractor J. Deere matrícula E2564BDT realizada o 22/12/2016
06/17	07/01/2017	175,00	Ambulancias do Nordés, S.L.	Servizo de ambulancia (soporte vital básico tipo B) prestado o 07/01/2017 na proba dep. municipal II Carreira Nocturna Solidaria
2017/03	09/01/2017	580,32	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de xaneiro/2017 (núm. 208)
2017/01	09/01/2017	315,96	Xestedec Comunicación	Impresión de felicitacións de Nadal 2016 e material Casa de Cultura de San Xián
13/2016	30/12/2016	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal ás clases de música en Santa Cruz de Rivadulla mes decembro/2016 (segundo Convenio 02/03/2015)
16/0236	30/12/2016	76,96	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en dec/2016 para mantemento das reixas dos sumidoiros das vías públicas
73	30/12/2016	182,71	Camino Bouzón Miguel Angel	Reparacións da caldeira da calefacción do CPI de Vedra realizada en decembro/2016
751/e16	27/12/2016	212,05	Talleres San Fins S.L.	Reparacións das rozadoras da brigada verde realizadas en decembro/2016
F-010/2016	30/12/2016	1.486,80	Carrillo Domínguez Severo	Doce lotes de Nadal para atencións institucionais municipais servidos en decembro/2016 (Alcaldes Pedáneos)
1700946	02/01/2017	231,44	Proel Ascensores, S.L.	Servizos de conservación e mantemento do elevador do CPI de Vedra período 1T/2017



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



150001238	31/12/2016	551,25	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais subministrados en dec/2016 para P. Civil, servizo subministro auga e obras da brigada en Agronovo e multiusos Trobe
A/418	31/12/2016	750,20	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial mes decembro/2016
A/18.697	15/01/2017	521,33	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón subministrado en xaneiro para obras da brigada no campo de fútbol de Santa Cruz
FT117 77	13/01/2017	433,76	Comercial Vehículos Industriales TAR, S.L.	Reparación do tailgate do camión de recollida do lixo 9047HPG na planta de descarga en Santiago o 11/01/2017
1	10/01/2017	6.027,01	Inteaga Enxeñería, S.C.	Coordinación de seguridade e saúde de 5 obras de plans municipais (en Torre, Nande, Matelo, Trasariz, Riveira, Vedra, Sta. Cruz)
841228330	15/01/2017	355,22	Ricoh España, SLU	Cota mínima período 01/01/2017-31/01/2017 por fotocopias das máquinas de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais
151217FS0003184	19/01/2017	46,35	Supervision y Control, S.A.	Inspección periódica obrigatoria (ITV) do vehículo Nissan 3663HNG de Protección Civil
1169	18/01/2016	432,00	Valencia & Malingre, S. L.	Comidas de 36 participantes na excursión da Terceira Idade ás termas de Outariz o 18/01/2016, con achegas dos participantes
2017-09	18/01/2017	176,40	Ibernisha, S.L.	Circuíto termas de 36 participantes na excursión da Terceira Idade ás termas de Outariz o 18/01/2017, con achegas dos participantes
16/240	30/12/2016	184,89	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en dec/2016 para mantemento do CPI de Vedra e obras da brigada no campo de fútbol de Sta. Cruz



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




16/0238	30/12/2016	248,35	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras da brigada na vía pública en San Miguel subministrados en dec/2016
TA5EB0005838	19/01/2017	28,71	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax 981503331 nas oficinas xerais municipais (cotas de xaneiro/2017 e tráfico de decembro/2016)
TA5EB0005835	19/01/2017	22,22	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo telefónico nos servizos sociais municipais (cotas de xaneiro/2017 e tráfico de decembro/2016)
37 246	11/01/2017	1.072,80	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado o 11/01/2017 na nave de Trobe
37 412	17/01/2017	720,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción da casa da Terceira Idade subministrado o 17/01/2017
37 402	17/01/2016	720,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción do centro de saúde subministrado o 17/01/2017
37 244	11/01/2017	720,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción da biblioteca municipal subministrado o 11/01/2017
1700001	19/01/2017	755,04	Rodríguez Feijoo Mario-Cerámica da Ulla	Detalles de cerámica subministrados para o festival de Corais da Terceira Idade e atencións protocolarias de cultura
AL 000010	20/01/2017	63,97	VSM Sistemas Coruña, S.A.	Aluguer e copias-impresións da máquina do Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón período 08/01/2017-07/02/2017
RC/17-5309	05/01/2017	284,82	Femp	Cota do concello de Vedra de asociado á FEMP correspondente ao exercicio 2017
420200916	31/12/2016	302,50	Radio Popular, SA - Cope	Concerto de colaboración para emisión de información sobre o concello de Vedra de feb. a dec. de 2016 (mes decembro)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1 10006344	20/01/2017	77,25	Wolters Kluwer España, SA	Manual titulado <i>Tesourería das Corporacións Locais</i> adquirido en xaneiro/2017
940/200405165	09/01/2017	176,81	Rentokil Initial España, SA - Delegacion Galicia	Servizo de dúas unidades hixiénicas para os aseos da casa consistorial (período 01/01/2017-30/06/2017)
2	19/01/2017	6.262,27	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	Traballos de construción de cerrado con portas e ventás realizados nas instalacións do campo de fútbol de Santa Cruz
FV-16/4	31/12/2016	150,00	García Cabal Guadalupe J.	Achega municipal ao curso de manualidades durante o 4T/2016
16/117	15/11/2016	453,75	Marcas Viarias, S.L.	Traballos de sinalización horizontal de prazas de aparcamento no lugar de Cibrán-San Xián
32119567	16/01/2017	308,13	Automóviles Louzao, S.L.U.	Traballos de reparación de rodas e freos e recambios do camión de recollida do lixo 9047HPG feitos o 13/01/2017
4433081670	10/01/2017	137,68	Coca Cola Iberian Partners, S.A.	Botellas pequenas de auga subministrados en xaneiro para a Carreira Nocturna Solidaria 2017 e a casa consistorial (salón plenos)
17757098	26/01/2017	42,35	ECA, Entidad Colaboradora de la Administracion, SLU	Inspección técnica da revisión do elevador do CPI de Vedra realizada o 25/01/2017
P 700163	24/01/2017	291,66	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2016 a marzo/2017 (mes xaneiro)
277-1/17 F	25/01/2017	280,72	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Traballos de limpeza da foxa séptica da casa consistorial realizados o 11/01/2017
GAL00277117F00002	27/01/2017	7.783,30	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Asistencia técnica para a prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable durante o 4T/2016
04/C16-17	26/01/2017	240,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura mes xaneiro/2017
170001	27/01/2017	16,51	Isla Arjones Jesus	Produtos farmacéuticos subministrados para a caixa de emerxencias da



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




				ludoteca municipal
A17/34	30/01/2017	150,04	Artes Graficas Alonso, S.L.	Un rollup sobre Vedra subministrado en xaneiro para concorrer á feira de gastronomía e turismo <i>Xantar</i> celebrada en Ourense
A17/35	30/01/2017	54,45	Artes Graficas Alonso, S.L.	Plóter subministrado en xaneiro para obra Plan Hurbe 2016 da Xunta celebrado en Santa Cruz
Recibo núm. 3	19/01/2017	1.548,71	Concello de Boqueixón	Subministro de auga ao Concello durante o 4T/2016 (contador do Pico Sacro: A13JE001036X)
Recibo núm. 1	19/01/2017	915,05	Concello de Boqueixón	Subministro de auga ao Concello durante o 4T/2016 (contador 1101936, da marxe dereita da N-525)
Recibo núm. 2	19/01/2017	2,89	Concello de Boqueixón	Subministro de auga ao Concello durante o 4T/2016 (contador 1290023526, da marxe esquerda da N-525)
S17 006853	02/01/2017	375,00	La Voz de Galicia, S.A.	Subscripción anual ao diario La Voz de Galicia (período 02/01/2017-01/01/2018)
A 2017/A/20	30/01/2017	2.395,80	Cidadanía, Rede de Aplicacións Sociais, S. Coop. Galega	Proxecto "Vedra, unha historia visual" (30% da adxudicación realizada por RA 223/2016 para os exercicios 2016/2017)
L 10	31/01/2017	1.450,00	Álvarez Fernández María Eva	Servizos de limpeza do CPI de Vedra durante o mes de xaneiro
17/1	31/01/2017	1.712,10	Freiría Suárez José María	Prestación dos servizos de limpeza do centro médico e das escola unitarias durante o mes de xaneiro
2/2017	30/01/2017	2.469,91	Fermín González Blanco, S.L.U.	Honorarios polos informes e xestións urbanísticas municipais correspondentes ao mes de xaneiro/2017
V 01-2017 452	31/01/2017	4.583,33	Ana Naya García, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal mes xaneiro/2017



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




V 01-01-2017 453	31/01/2017	3.447,90	Ana Naya García, S.L.	Cota do concello polo servizo de xestión da escola infantil municipal mes xaneiro/2017
GAL00277117F00003	31/01/2017	5.619,10	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Xestión dos servizos municipais de saneamento e depuración de augas mes xaneiro/2017
80 FACTURAS	02-03-06/11/2016	8.914,62	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á iluminación pública período setembro e/ou outubro/2016
8 FACTURAS	02-06/11/2016	348,44	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a locais e instalacións municipais período setembro e/ou outubro/2016
8 FACTURAS	03-07-31/08/2016	625,79	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á iluminación pública período xullo e/ou agosto/2016
Rect-Emit- 1	31/01/2017	3.506,58	Sonen - Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións	Asistencia técnica acústica na obra acondicionamento acústico da Escola de Música de Santa Cruz (RA 454/2016)
EO 0009	31/01/2017	16.993,06	Obras y Viales Galicia, SL (OVIGA)	Acondicionamento de camiños en Ribeira, Fornelos e Trasariz, segundo memoria valorada de data setembro/2016
EO 0010	31/01/2017	31.510,93	Obras y Viales Galicia, SL (OVIGA)	Obras complementarias da Urbanización de Torre (abastecemento, saneamento e urbanización segundo memoria valorada de set/2016)
28-B780-439780	01/02/2017	54,45	Telefónica Móviles España, S.A.	Cota mensual (de 18/12/2016 a 17/01/2017) polo servizo de internet para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón
28-B780-439781	01/02/2017	24,20	Telefónica Móviles España, S.A.	Cota mensual (18/12/2016-17/01/2017) polo servizo telefónico na nave de Trobe (control horario de persoal municipal)
151217FS0005179	31/01/2017	46,35	Supervision y Control, S.A.	Inspección periódica obrigatoria (ITV) do vehículo Ford Transit 8189JCG da brigada de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				obras
1701	31/01/2017	1.000,00	Club Olímpico de Vedra	Convenio de colaboración do 03/03/2015 asinado co Concello, mes xaneiro/2017
201721312	01/02/2017	5.999,59	Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.	Seguro de responsabilidade civil contratado para o período 27/01/2017-27/01/2018 (póliza núm. 0960270014371)
6702082007_000001	01/02/2017	9,80	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros	Seguro de accidentes colectivo para actividades deportivas e culturais municipais (Pól. C6C300006175, actualización período 30/01/2017-12/10/2017)
17/17	26/01/2017	127,63	Gráfica de Asturias S.L.	Carpetas de cartolina rotuladas para as oficinas xerais e os servizos sociais subministradas o 25/01/2017
1	31/01/2017	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes xaneiro/2017
13 Tickets	31/01/2016	142,86	Acredores diversos	Produtos alimenticios para o servizo de madrugadores mercados durante o mes de xaneiro/2017
3 Tickets	24/01/2016	24,89	Acredores diversos	Materiais para a ludoteca municipal adquiridos en xaneiro/2017
1378	01/02/2017	1.059,00	Brasil, S.L. – Imprenta	Sobres oficiais (impresos) de diversos tipos e tamaños subministrados o 01/02/2017
25	26/01/2017	44,00	Mobraferr, s.l.u.	Ferramentas para a brigada de obras subministradas en xaneiro/2017
1/2017	01/02/2017	3.000,00	Escola de Musica de Vedra	Achega municipal á impartición de clases de música segundo convenio, período 2S/2016
2/2017	01/02/2017	500,00	Escola de Musica de Vedra	Achega municipal á impartición de clases de música segundo convenio, mes xaneiro/2017



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		54,95	Carlos Martínez Carrillo	Quilometraxe do 27/01 – 08/02
		85,11	Manuel Costa Carneiro	Axuda de custo e quilometraxe por promoción turística en Xantar Ourense
Liquidación		474,50	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes decembro/2016 e xaneiro/2017
Liquidación		340,25	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes decembro/2016 e xaneiro/2017
Liquidación		481,75	Iglesias Parada M ^a Carmen	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes decembro/2016 e xaneiro/2017
Liquidación		450,00	Vilariño Rodríguez M ^a Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes decembro/2016 e xaneiro/2017

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia nas facturas de Droguería – Ferretería El Sol, S.L, acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Aprobación, se procede, de Padróns Fiscais de Taxas do 4º trimestre de 2016.

6.1.- Padrón fiscal do SAF do 4º trimestre.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao 4º trimestre de 2016, cuxo resumo é o seguinte

	Nº usuarios	Importe
Usuarios Dependentes	30	10.924,58
Libre concorrencia	21	3.948,89

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de xaneiro:

DECRETO	DATA	
1	02/01/2017	Alta no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2	02/01/2017	Aprobación factura núm. GAL00277116F00031 de Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, SAU por servizo de saneamento e depuración do mes de decembro
3	04/01/2017	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes
4	11/01/2017	Cambio titularidade recibo taxa de recollida de lixo da vivenda situada no núm. 6 de Argunte –San Mamede de Ribadulla
5	11/01/2017	Cambio titularidade recibo taxa de recollida de lixo da vivenda situada no núm. 17 de Canicoba –San Mamede de Ribadulla
6	11/01/2017	Cambio de epígrafes recibos taxas de lixo e sumidoiros do local sito no núm. 10 da R/Alcalde Francisco Carrillo
7	13/01/2017	Altas no padrón municipal de habitantes
8	16/01/2017	Altas no padrón municipal de habitantes
9	18/01/2017	Alta no padrón municipal de habitantes
10	19/01/2017	Alta no SAF con carácter urxente e por libre concorrencia de M. C. B
11	19/01/2017	Concesión praza gardería á menor X.P.R.
12	19/01/2017	Concesión praza gardería ao menor I.V.G.
13	19/01/2016	Propoñendo o nomeamento de D ^a . Vanessa Crespo como Secretaria accidental do Xulgado de Paz
14	23/01/2017	Expediente limpeza de finca en Nande –San Fins de Sales
15	23/01/2017	Arquivo expediente limpeza de finca en Castro –Ponte Ulla
16	23/01/2017	Arquivo expediente limpeza de finca en Castro –Ponte Ulla
17	23/01/2017	Arquivo expediente limpeza de finca en Xián –San Pedro
18	23/01/2017	Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo de vivenda situada en Bao –Santa Cruz de Ribadulla
19	23/01/2017	Aprobación orzamento de CYE Control y Estudios, S.L para levar a cabo os traballos de control externo de calidade da obra de Aparcadoiro disuasorio en Ponte Ulla do PAS 2015, a descontarlle das certificacións de Nemesio Ordóñez, S.A
20	23/01/2017	Cambio titularidade recibos taxa lixo de inmovible sito en Castro nº 42-2º -Ponte Ulla
21	24/01/2017	Cambio domicilio no padrón municipal de habitantes
22	24/01/2017	Ampliación intensidade SAF a D.R.T
23	25/01/2017	Altas no padrón municipal de habitantes
24	26/01/2017	Retribucións alumnado Obradoiro de Emprego 2017
25	26/01/2017	Concesión praza gardería á menor A.S.
26	26/01/2017	Recoñecemento trienios persoal municipal
27	26/01/2017	Aprobación prórroga para o vixente exercicio do orzamento do exercicio 2016
28	27/01/2017	Alta padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



29	27/01/2017	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Aparcadoiro disuasorio en Ponte Ulla
30	31/01/2017	Incoando expediente reposición da legalidade urbanística por declaración de caducidade das vivendas do SAU-1 en San Xián de Sales
31	31/01/2017	Aprobación liquidación do orzamento de exercicio 2016
32	31/01/2017	Aprobación factura núm. 017/16 de Mago KIKO Pastur (Rede Cultural 2016)

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8º.- Outros asuntos.

8.1.- Solicitud de subvención á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Dáse conta da Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 14/17, do 20 de xaneiro)

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Solicitar unha subvención para as obras contempladas no proxecto básico e de execución para a reforma do campo de fútbol de Vedra , redactado polo arquitecto don Fermín González Blanco, cuxo orzamento ascende á cantidade de noventa e oito mil douscentos cincuenta e oito euros con once céntimos (#98.258,11#)

2º.- Aprobar o citado proxecto técnico.

3º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Orde.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.